

• INFORMACIÓN ADICIONAL PARA AS FAMILIAS PARTICIPANTES:

Libros de familia.

Unha actividade de creación para familias da comunidade escolar.

Todos temos unha historia que nos encanta contar unha e outra vez.
O meu avó, a vosa nai ou aquel curmán da tía segunda do papá que se perdera no Brasil.
Son historias e anécdotas que naceron na vosa familia, que sempre se contan cando estades xuntos e que hai que coidar coma tesouros.

A actividade propón:

Facer un libro obxecto para acoller eses relatos valiosos.
Elaborado polos membros de cada familia.
Sen límite de idade ou parentesco.
Unha historia moi vosa, ou dúas, tres.
O punto de partida pode ser unha anécdota, un chiste ou unha historia que inventamos para ir durmir.
Vos sodes as autoras e os autores.
Trátase dun libro obxecto artesan e colectivo.
Que ben podeades ilustrar, decorar, facer en cómic, cartel de cego ou sen palabras.
Como é un libro único e artístico dicimos que é un Libro de artistas.
Construído con todo aquilo que teñamos a man pola casa.
É a ocasión para discutir ideas e aprender xuntos.
Todo o mundo colabora xenerosamente, ningunha idea é máis grande ca outra.

Eu ofrezco unha pouca teoría interesante, algúns exemplos visuais e recursos.
Posibilidades expresivas e solucións creativas por se nos quedamos en branco.

O produto final, o noso libro. Podémolo levar para casa e incluír nas nosas prezadas bibliotecas familiares ou tamén facerlles unha fermosa exposición na escola. Para que uns e outras poidan gozar das ideas e dos resultados.

Deseguido, este obradoiro lanza **un convite para toda a escola:**

A idea vai de destinar para a ocasión un pequeno espazo no centro, a xeito de **caixa do correo**.
Un lugar onde poder deixar as nosas historias. Convidando aos outros a que fagan o mesmo:
Artellar unha historia, facer dela un libro, regalarlla aos demais de xeito altruísta e anónimo.

Agora a biblioteca escolar está un pouco por todas partes.
Polo corredor, debaixo das escaleiras, nun recuncho do patio onde sempre campa o sol.
Trátase dun **fermoso movemento a favor da ficción dentro da escola**.
A oportunidade para explorar outras narrativas diferentes está servida:
historias contestadas ou ilustradas por outro, historias feitas a dúas, catro ou trinta mans. Coma unha historia interminable que vai pasando de man en man, de curso en curso e ano tras ano, facéndose máis e máis grande con nós.

Dita **caixa do correo** ben pode ser un pequeno espazo habitable e reciclado, como ocorre no caso do CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía en Ourense. Neste centro dispoñen de varios contedores de vidro que recuperaron e que están a acondicionar e decorar para convertelos en **casifias literarias** onde un pode ler tranquilamente e que chaman iglús, pois lembran ás construcións feitas con ladrillos de xeo.
É doado imaxinar momentos felices dentro deses iglús, onde unha mañá calquera alguén bota polo burato da cheminea unha historia inesperada que cae nas túas mans.

Libros de familia é un obradoiro para desenvolver dentro da escola e para familias.

Unha fermosa escusa para pasar un rato en familia facendo algo creativo.
Cunha duración por sesión de entre 90 e 120 minutos aproximadamente e dependendo das necesidades dos participantes ou da monumentalidade dos proxectos que decidan armar.
En canto aos materiais e ferramentas, todo aquilo que temos pola casa ou a escola sempre será benvido.

Nota para os participantes!

Que é un Libro de Artista e un Libro Obxecto?

Son obras plásticas que van máis aló do puramente literario.
Propoñendo unha reflexión na relación entre o autor e o lector.
Falamos entón dun verdadeiro xénero, con diferentes niveis de lectura.
Un formato onde explorar o libro, non so como contido pois tamén como obxecto que contén ideas e propostas.
Un libro dentro doutro libro dentro doutro libro dentro doutro...

A actitude de lectura podémola ter sobre calquera obxecto. Calquera obxecto pódese ler.
Logo estamos perante unha obra que podemos ler cos seis sentidos, se incluímos o pensamento coma un sentido máis que nos permite coñecer a realidade.
Os Libros de Artista e os Libros Obxecto son aproximacións a obra de ARTE TOTAL.

Pequenos pasos!

- . Buscade unha historia, sinxela e moi vosa, algo que queirades contar.
- . Poñédevos de acordo e elixide o xeito de contala: con palabras e imaxes pintadas, con obxectos pegados ou fotos vellas nunha caixa, escrita e debuxada nun mantel para a comida dos domingos...
- . É o momento de pensar naqueles materiais e ferramentas que ides necesitar: papeis e cartóns para un libro convencional, teas de tódalas razas, pedras e madeiras que trae o mar ou ben, obxectos inclasificables e feitos a mantenta para esta ocasión.

Tamén eu e mais o Centro de Ensino ofreceremos algúns outros materiais e ferramentas para axudarvos na vosa proposta.

Estes tres pequenos pasos son interesantes para adiantar traballo e ter unha idea clara antes do obradoiro. Xa que dito obradoiro na biblioteca do voso cole terá un máximo de dúas horas de tempo, todo o que adiantemos na casa van ser fermosos minutos para investir nas nosas obras.

En todo momento axudarei aos participantes no que precisen. Ofrecendo ideas, recursos expresivos e solucións perante as dificultades que poidan aparecer. Tamén, amosando e comentando exemplos de Libro de Artista e Obxecto que adoito levar ás sesións de traballo.

Non vos preocupedes se non é posible rematar a proposta do voso libro de familia no tempo do obradoiro. Este tipo de experiencias de encontro e traballo conxunto serven máis para compartir e descubrir novas ideas, outros xeitos de mirar e tamén para fixar conceptos.

A idea principal é a de amosar algunha verea oculta no medio bosque, para que outros a camifien e a enriquezan facéndoa súa.

Moitas grazas!
Pablo Otero